



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 30/09),, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai/nai**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. A seguinte persoa en reserva por número de votos ocupará **unha vacante existente** por un período de dous anos, ata a seguinte renovación do Consello Escolar. O terceiro representante será nomeado pola ANPA do centro, e en caso de non existir proposta, esta vacante cubrirase co mesmo procedemento cos outros representantes de pais. Para os efectos de futura renovación parcial, asignaráselle a praza correspondente por proposta da asociación de pais de alumnos ó candidato máis votado.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 17 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa **candidatura** oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **14:00 horas do día 14 de novembro**.
4. O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **18 de novembro, ás 11:15 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
5. A **campaña electoral** comprenderá **dende o 18 ao 23 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/as.
7. As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, de 18:30 a 20:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 18:15 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 7 de novembro de 2022
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Francisco Javier Núñez Aguado